



## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE BIOGRAFÍA

O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



*Xosé Filgueira Valverde*

O último gran polígrafo de Galicia, que morreu cando só lle faltaban uns días para cumprir os 90 anos, deixou tras si unha obra de máis de 300 libros. Participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos, foi catedrático de Literatura e director do Museo de Pontevedra. Durante o franquismo pasou por alto o seu pasado de militante do Partido Galeguista, aceptou o inevitable e foi alcalde de Pontevedra e procurador en Cortes. Na democracia aínda foi conselleiro de Cultura e presidente del Consello da Cultura Galega.

Xosé, de neno. (Fundación Filgueira Valverde).



Filgueira Valverde naceu na praza do Peirao de Pontevedra en 1906, fillo do prestixioso médico Xosé María Filgueira Martínez e da granadina de Ugíjar, María Araceli Valverde Yaquero, outrora freira



Xosé Filgueira Valverde cos seus pais. (Fundación Filgueira Valverde).

da orde das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl. Cursou con brillantez os estudos de bacharelato en Pontevedra e tivo coma profesores a figuras tan destacadas coma Losada Diéguez e Castelao. Simultaneou os estudos das carreiras de Filosofía e Letras e Dereito e en ámbalas dúas se doutorou. Sendo aínda estudante participou no Castro de Ortoño na creación do Seminario de Estudos Galegos no que



# XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE BIOGRAFÍA

O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



*José Filgueira Valverde*



O profesor Filgueira foi o grande impulsor do Museo de Pontevedra.

exerceu un singular papel e dirixiu a sección de Historia da Literatura. Desde os inicios da súa andaina como escritor cultivou o viero da creación literaria e o exercicio investigador, que practicou con rigor e brillantez literaria.

Se en 1923 participou na fundación do SEG, en 1929 foi

nomeado secretario do Padroado fundacional do Museo do Pontevedra, que foi, sen dúbida, a iniciativa de máis empeño da súa longa vida. A el, en postos e cometidos diferentes, sobre todo coma director desde 1954 e director emérito e patrón honorario desde 1986, estivo vinculado durante o resto da súa vida. Tamén por estes anos participou nas campañas de estudo de diversos monumentos galegos, dirixidas por Manuel Gómez Moreno e promovidas pola Comisión de Estudos en Galicia da Junta de Ampliación de Estudos, institución esta coa que o SEG mantivo unha moi estreita relación de colaboración e á que Filgueira lle solicitou unha bolsa, que non consta que lla concederan, para estudar a arte románica portuguesa. Anos máis tarde, en 1934, volveulle solicitar á JAE unha pensión para analizar en Bélxica e Holanda a organización dos seus pequenos museos. Nesta

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

Consellería de Cultura e Xuventude

*Nomeamentos:*

*Decreto 489/1990, do 2 de novembro, polo que se nomea presidente do Consello da Cultura Galega a José Fernando Filgueira Valverde.*

De conformidade co disposto no artigo 3.º 1.a) da Lei de Galicia 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega, por proposta do conselleiro de Cultura e Xuventude, logo da elección efectuada polo Consello da Cultura Galega en sesión extraordinaria do 29 de outubro de 1990, e tra-la reunión do Consello da Xunta de Galicia do dous de novembro de mil novecentos noventa,

Nomeo a José Fernando Filgueira Valverde presidente do Consello da Cultura Galega.

Santiago de Compostela, dous de novembro de mil novecentos noventa.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Daniel Barata Quintas  
Conselleiro de Cultura e Xuventude

Nomeamento como Presidente do CCG.




# XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE BIOGRAFÍA

O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



*José Filgueira Valverde*



Conferencia do cabodano de Paz-Andrade.

ocasión foille concedida a axuda, pero non chegou a realizar a viaxe.

Desde 1931 comezou a desenvolver unha intensa actividade política e na Asemblea Constituínte do Partido Galeguista foi elixido secretario técnico. Participou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia, na Asemblea de Municipios celebrada en Santiago en decembro de 1932, pero en 1935 rompe co Partido Galeguista e incorpórase á conservadora Dereita Galeguista, liderada por Vicente

Risco. Durante estes anos proseguiu o seu labor como investigador, conferenciante e no ámbito profesional defendeu en Madrid a súa tese de doutoramento, dirixida por Armando Cotarelo Valledor, que versou sobre La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval, publicada nos talleres de El Eco Franciscano en 1936, e gañou a oposición a catedrático de Lingua e Literatura Española, que desempeñou en Barcelona, Melilla, Lugo e desde 1939, de forma ininterrompida ata a súa xubilación en 1976, no Instituto de Pontevedra, do que tamén foi director desde 1944.

Ao finalizar a guerra civil Filgueira aceptou o novo ordenamento político da ditadura franquista coa que colaborou como alcalde de Pontevedra (1959-1968), asistente en Burgos aos actos conmemorativos do XXV aniversario da exaltación de Franco á xefatura do Estado, membro do Consello Económico Sindical Provincial de Pontevedra, procurador en Cortes polo terzo de



## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE BIOGRAFÍA


O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



*José Filgueira Valverde*

representación familiar, presidente do Tribunal Provincial Tutelar de Menores, etc. Como alcalde estimulou a acción cultural, as construcións escolares e deportivas, introduciu novas normas para a actividade dos funcionarios, consolidou a implantación en Lourizán da factoría da Empresa Nacional de Celulosas, recibiu a visita de numerosas personalidades, destacando a do xeneral Franco, urbanizou o campo do Boi e da Xunqueira e protexeu a conservación do casco histórico da cidade. Ao contrario do que

puidera parecer, a intensa actividade política e docente non lle impediu proseguir coa súa xa acreditada laboría de investigador e home de letras, que o converteu nun dos máis sólidos e prestixiosos eruditos, que non abdicou nunca dos valores da cultura e do vivir galego. Nesta etapa publicou ducias de rigorosos libros e folletos e milleiros de artigos de divulgación. De todos os seus estudos destacan os dedicados a Pontevedra, ao estudo da nosa literatura medieval, á cidade de Santiago e foron moitas as figuras, galegas e foráneas, por el estudadas: o mestre Mateo, o



Páxina de miniaturas que ilustra a Cantiga 103 (códice escunialense). Filgueira Valverde analizouna polo miúdo na súa tese de doutoramento.

xeógrafo Fontán, o conde de Gondomar, o P. Sarmiento, o P. Feijoo, Gómez Chariño, Sarmiento de Gamboa, Álvaro de Mendaña, Méndez Núñez, Rosalía, Camoens, Góngora, frei Luís de Granada... Tamén nesta época participou na creación do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento do que foi nomeado director en 1972, do Instituto da Lingua Galega no seo da Universidade de Santiago, do Museo do Pobo Galego do que chegou a ser vicepresidente do seu



## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE BIOGRAFÍA


O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



*José Filgueira Valverde*

Padroado, da Confederación Española de Centros de Estudos Locais (CECEL), promoveu diversas escavacións arqueolóxicas como comisario provincial e foi nomeado conselleiro da Misión Biolóxica de Galicia, correspondente da Real Academia Española, da de Belas Artes de San Fernando e numerario da Galega e da de Historia.

Aínda que a súa extraordinaria talla de erudito e de historiador da cultura, da literatura e da arte galega, e que a súa inxente obra como polígrafo e a longura enciclopédica dos seus saberes eclipsen as súas aportacións ao eido creativo, non resultaría aventurado pensar que a de escritor imaxinativo fose unha clara vocación da mocidade de Filicaria -que é a forma latina do substantivo que rodando de boca en peteiro rematou no



Luís de Camões, Filgueira foi un especialista na súa obra.

galego Filgueira, que era como lle chamaba Otero Pedrayo-, pois se como publicista se estrea en 1923 con diversos artigos no xornal compostelán Renovación e no vigués Galicia, en 1925, con dezanove anos non cumpridos, co título de Os nenos publica os seus primeiros contos. Ademais da narrativa á que volveu en 1927 con O Vigairo e en 1971 con Quintana Viva, tamén cultivou o teatro ao publicar en 1936 a peza Agromar, e a lírica, pois é autor das neotrobadorescas 6 cancións de mar "in modo antico", publicadas en 1941. Recoñecendo que é escasa e que mereceu pouca atención dos críticos literarios, a obra de creación de Filgueira é sumamente interesante polo ideal galeguista que sustenta, pola calidade formal dos textos e pola preciosista e requintada linguaxe de caste



## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE BIOGRAFÍA

*O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015*



erudita que por veces zuga o arume da fala popular do rural pontevedrés.

Restablecida a democracia en España, en 1982 Filgueira Valverde aínda asumiu o cargo de conselleiro adxunto á Presidencia para a Cultura no primeiro Goberno autonómico galego, presidido por Xerardo Fernández Albor. As iniciativas máis salientables da súa etapa de conselleiro foron a fixación das normas básicas de aplicación para a unidade ortográfica e morfolóxica da lingua galega e a elaboración da



Lei do Consello da Cultura Galega, do que formou parte desde a súa creación e que presidiu desde 1990 ata o seu falecemento, ocorrido en 1996.

Xosé Ramón Fandiño Veiga